



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADEO PARA O DESENVOLVEMENTO DE DIVERSAS ACTUACIÓN S DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutro, Daniel Vega Pérez, alcalde-presidente do Concello de Ribadeo, que actúa en nome e representación do dito concello e facultado para ese outorgamento en virtude do disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes, na representación que ostentan, teñen capacidade legal para asinar este convenio de colaboración e, na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en adiante, a consellería, é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior o artigo 30.l.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización, o desenvolvemento do comercio, a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins e o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Segundo. O Concello de Ribadeo, en adiante, o concello, en uso das competencias atribuídas polo artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, ten a firme vontade de desenvolver diversas actuacións de dinamización comercial durante o ano 2026, orientado a reforzar o comercio de proximidade, a revitalización dos espazos comerciais tradicionais e o estímulo ao consumo local.

Terceiro. A dinamización do comercio de proximidade constitúe un obxectivo estratéxico da Xunta de Galicia, especialmente nos concellos que, pola súa estrutura económica e demográfica, precisan reforzar a competitividade do seu tecido comercial e garantir unha oferta suficiente e atractiva para a cidadanía. Neste contexto, as feiras locais, os mercados tradicionais, as campañas de incentivo ao consumo e os programas de revitalización das prazas de abastos son ferramentas fundamentais para fortalecer o comercio minorista, atraer visitantes, promover o produto local e consolidar espazos de encontro social e económico.





Neste marco de referencia, o 31 de marzo de 2025 aprobouse polo Consello da Xunta o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, que ten como finalidade incrementar a competitividade do comercio galego apoiándose na modernización, a innovación, a sostibilidade e as novas tecnoloxías, así como consolidar un sector profesional, cualificado e fortalecido que promova o consumo responsable e desenvolva unha actividade comercial sostible.

Cuarto. O Concello de Ribadeo presentou ante a consellería unha proposta estruturada de actuacións de dinamización comercial para o ano 2026, configurada como eixo vertebrador do comercio de proximidade no seu ámbito municipal e orientada ao impulso da actividade económica local, á promoción do consumo de proximidade e á revitalización dos espazos comerciais tradicionais. A proposta artículase arredor de tres liñas complementarias de actuación:

- A dinamización das feiras e mercados locais, a través do Mercado do Nadal e do Mercado dos Domingos, como espazos de venda directa de produtos de proximidade e como instrumentos de promoción económica e social do comercio local.
- A campaña da moeda local "A Pancha", como iniciativa innovadora de estímulo ao consumo no comercio de proximidade, consolidada como ferramenta singular de dinamización comercial no municipio.
- O programa GASTROPRAZA, orientado á revitalización da praza de abastos mediante a organización de actividades gastronómicas, pedagóxicas e de promoción do produto local, configurándose como un espazo de encontro, promoción e dinamización comercial.

Quinto. Estas actuacións alinéanse directamente co Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 ao integrarse en medidas e accións operativas prioritarias da planificación da Dirección Xeral de Comercio, contribuíndo ao fortalecemento do comercio de proximidade e á revitalización dos espazos comerciais tradicionais. En particular, o proxecto enmárcase nas medidas orientadas á dinamización comercial e á modernización dos equipamentos de referencia, entre elas a Medida 2.2, dirixida a dinamizar e incentivar o consumo no comercio local mediante accións de estímulo da demanda, fidelización e captación de novos perfís de consumidores, e a Medida 2.5, relativa á Rede de Mercados Excelentes de Galicia, que promove o papel das prazas de abastos como dinamizadoras da economía local, espazos vertebradores da vida urbana, así como puntos de conexión entre o comercio alimentario, a hostalaría e o produto fresco de proximidade.

Sexto. A solicitude presentada polo Concello de Ribadeo constitúe unha proposta técnica completa, coherente coa planificación sectorial e estratéxica da consellería, e integra actuacións que contribúen á dinamización do comercio de proximidade mediante a promoción dos mercados tradicionais, o impulso ao consumo local e a revitalización da praza de abastos como espazo comercial, social e gastronómico, configurando un conxunto de actuacións con carácter innovador e singular como elemento identitario e diferenciador.

En consecuencia, existen razóns de interese público, social e económico vinculadas á dinamización do comercio de proximidade mediante actuacións innovadoras de promoción comercial, fortalecemento dos mercados locais e valorización dos espazos tradicionais de intercambio e consumo, que xustifican conforme aos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da





Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular ao Concello de Ribadeo.

Polo exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a consellería e o concello para o desenvolvemento de diversas actuacións de dinamización comercial no Concello de Ribadeo.

Segunda. *Orzamento e financiamento*

O orzamento total deste convenio ascende a sesenta mil euros (60.000,00 €), IVE engadido.

A consellería achegará a cantidade de cincuenta e catro mil euros (54.000,00 €), equivalentes ao 90 % do custo total das actuacións, IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.761.3 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento 2015.00275.

O concello financiará o resto do orzamento, na cantidade de seis mil euros (6.000,00 €), IVE engadido.

Na execución deste convenio realizaranse as seguintes actuacións coa desagregación:

ACTUACIÓN	IMPORTE
FEIRA DO NADAL E MERCADO DOS DOMINGOS	30.000,00 €
A PANCHA	15.000,00 €
GASTROPRAZA	15.000,00 €
TOTAL	60.000,00 €

Calquera contracción do gasto que se orixine como consecuencia deste convenio deberá contar coa fiscalización previa da consellería e queda, por tanto, sometida á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

Terceira. *Gastos subvencionables*

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das accións do proxecto de dinamización comercial promovido polo Concello de Ribadeo recollidas no obxecto deste convenio.

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de





2026 e o 30 de novembro de 2026. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior, en ningún caso, ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Cuarta. Obrigas da consellería

A consellería comprométese a librar as achegas que correspondan unha vez que o concello presente a correspondente documentación xustificativa e sexa aprobada polos órganos competentes da consellería.

Quinta. Obrigas do concello

O concello, para poder obter a condición de beneficiario neste convenio, deberá cumprir as seguintes obrigas:

- Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvenciones ás entidades locais galegas.

En todo caso, o concello quedará suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como ás demais que resulten concordantes á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas e, en especial, ás seguintes:

- Xestionar e executar as actuacións de dinamización comercial obxecto deste convenio que fundamenta a concesión da subvención con suxeición aos procedementos de contratación previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Xustificar ante a consellería, no tempo e forma que correspondan, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade das mesmas.
- Someterse ás actuacións de comprobación da consellería, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.





- Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Comunicar por escrito á consellería a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.
- Comunicar á consellería o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.
- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento pola Xunta de Galicia en todas as actuacións que deriven da execución deste convenio, empregando os soportes máis adecuados á natureza dos investimentos, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sexta. Relación con terceiros

A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Sétima. Xustificación e pagamento

1. A data límite para xustificar o investimento será o 2 de decembro de 2026.
2. O concello está obrigado a xustificar diante da consellería, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización das actividades que fundamentaron a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no parágrafo seguinte e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

A conta xustificativa conterá:

- a) Certificación expedida pola secretaría do concello, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Sen prexuízo do previsto na letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.



c) O expediente de contratación tramitado polo concello respecto do investimento obxecto de subvención.

3. Condicións de pagamento:

As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pago, non poden ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.

A documentación sinalada nas condicións específicas presentarase na consellería, Dirección Xeral de Comercio e Consumo, que emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións subvencionadas.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

Os pagamentos correspondentes serán realizados ao concello unha vez presentada a correspondente xustificación e aprobada polos órganos competentes da consellería.

A achega da consellería minorarase porcentualmente no caso de que o concello non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre que estea garantida a consecución do obxecto do convenio ou, de resultar a concorrencia con outras axudas, sempre que a contía total supere o custo do investimento.

4. Pagos anticipados:

Poderá aprobarse o pago anticipado de ata un límite do 80 % do importe concedido, logo da solicitude e xustificación da súa necesidade polo concello. A concesión do anticipo quedará condicionada ao cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O concello quedará exento da prestación de garantías en relación cos pagos anticipados previstos neste convenio conforme ao disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Oitava. *Compatibilidade das axudas*

A axuda concedida ao abeiro deste convenio será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo elixible. Neste caso, minorarase a subvención da consellería.

Novena. *Perda do dereito ao cobro e reintegro*

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio ou incumprimento.

Incumprimento parcial:

Aínda que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición





incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro. Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

Incumprimento total:

Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución á que se refire o parágrafo anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Ao concello beneficiario da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

Décima. Modificación

O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado coa correspondente modificación, no seu caso, do contrato de obras nos termos establecidos pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, cun mes de antelación á data de finalización da xustificación do investimento de conformidade co disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respecte o obxecto da subvención e as actividades subvencionadas, evite actuacións deficientes e incompletas e se realice no prazo fixado neste convenio.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo primeira. Resolución

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O acordo expreso e escrito das partes.
- O incumprimento total ou parcial por algunha das partes de calquera das prescricións contidas no convenio.
- A denuncia escrita formulada por calquera das partes.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas no convenio.

Décimo segunda. Publicidade e inscrición no Rexistro de convenios





O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A colaboración financeira da Xunta de Galicia deberá quedar expresamente reseñada, de forma permanente, nun lugar visible do acceso á actuación no momento da súa inauguración e/ou recepción.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co disposto no antedito artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

En cumprimento do disposto nos artigos 18, 20.2 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo terceira. *Protección de datos de carácter persoal*

Na execución deste convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométese a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométese a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana o do medio físico ou natural.

Décimo cuarta. *Comisión de seguimento*

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento que adoptará os seus acordos por consenso e estará integrada por dúas persoas representantes da consellería e dúas en representación do concello.

A comisión constituirase a petición de calquera das partes e as súas funcións serán velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

Décimo quinta. *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.





Décimo sexta. *Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente*

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O convenio rexerese polas súas propias cláusulas e, ademais, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo que a desenvolve, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro e a Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

En consecuencia, corresponderanlle á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as súas estipulacións. E, en proba de conformidade, subscríbese no lugar e data indicados na cabeceira.

Pola Consellería de Emprego,
Comercio e Emigración

Polo Concello de Ribadeo

José González Vázquez

Daniel Vega Pérez

